



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 13/2015

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO**

**O DÍA 02 DE XULLO DE 2015**

**ORDE DO DÍA**

- 1 Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.
- 2 Modificación de crédito da subvención nominativa á Diócese Tui – Vigo (Cáritas).
- 3 Proposta sobre réxime retributivo dos membros da corporación e asignación aos grupos políticos.
- 4 Proposta sobre creación e retribucións dos postos de persoal eventual.

No Multiusos da Xunqueira, ás 13 horas do día dous de xullo de dous mil quince, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Leticia González Guisande, Mauro Álvarez Castro, Ana Isabel Rey Gómez, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo, Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral acetal da corporación, Paloma Meno Rodríguez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

**INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

**1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.**

O Alcalde xustifica a urxencia na necesidade de axilizar o aumento da subvención nominativa concedida a Cáritas dos comedores escolares de verán así como incorporar os puntos retirados números 6 e 7 na pasada sesión extraordinaria organizativa celebrada polo pleno o 30 de xuño.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

Sometido o asunto a votación, o concello Pleno por unanimidade 20 (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de PODER) ratifica a urxencia da convocatoria.

**2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DIÓCESE TUI-VIGO (CÁRITAS)**

**ANTECEDENTES**

Proposta da Concelleira en funcións de servizos sociais, muller e igualdade, de data 9 de xuño de 2015, que transcrita di:

Vista a situación de grave crise económica que estamos a vivir, que tamén se manifesta neste concello, sendo unha das súas consecuencias á exclusión social de familiar empadroadas no noso municipio.

Visto que a Diócese Tui-Vigo a través de Cáritas parroquial de Redondela e Vilavella ven



## CONCELLO DE REDONDELA

desenvolvendo neste concello dende fai varios anos unha intensa labor que xustamente ten como obxectivo os grupos en risco ou situación de exclusión social, apoiando na cobertura das necesidades máis básicas a moitas familias do municipio, principalmente aquelas unidades de convivencia integrada por persoas menores de idade.

Visto que este traballo se realiza de maneira coordinada co persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Redondela, o que como parte da intervención social se encarga de realizar as oportunas derivacións a devandita entidade.

Visto que as necesidades da poboación resultan cada vez máis extremas e urxentes, unidades familiares normalizadas cuxa incipiente situación de precariedade económica fan precisar dunha dilixente intervención interdisciplinar, demandando reposta inmediata por parte da administración.

Vista a sensibilización crecente e a preocupación certa que existe ante a posibilidade de nalgúns fogares do noso concello non se poida garantir unha axeitada alimentación dos menores, valórase conveniente o aumento da dotación orzamentaria desta subvención nominativa para incentivar e dar maior respaldo á campaña de axuda á alimentación das familias do municipio realizada por Cáritas.

Visto que para a súa mellor realización é preciso a existencia dun convenio que regule devandita subvención cumprindo deste xeito coa normativa aplicable e que a partida orzamentaria asignada para o ano 2014 xa ascendeu con respecto ao ano 2013 de 5.000 euros a 7.000 euros, esta Concelleira

### PROPÓN:

Punto único.- Ampliar por importe de 5.000 euros a partida 2311A/480.04 Convenio Diócese Tui-Vigo (Cáritas) do Orzamento aprobado polo Pleno do Ilmo. Concello de Redondela o 18 de febreiro de 2014 e publicado o 25 de marzo de 2014 no Boletín Oficial da Provincia, prorrogado para o ano 2015, outorgando para o ano 2015 unha subvención nominativa á Diócese Tui-Vigo a través de Cáritas parroquial de Redondela e Vilavella por importe de 12.000 euros, coa finalidade de reforzar e apoiar a campaña principalmente nos meses de verán, co fin de garantir unha alimentación digna e axeitada dos menores cuxas familias non conten cos recursos suficientes.

### INTERVENCIONS.-

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que están a favor de aumentar a contía da subvención, cren imprescindibles outros tipos de accións sociais para que as familias en risco de exclusión social teñan unha vida digna. Non comparten que sexa Cáritas quen o xestione totalmente, solicitando que no futuro tamén sexan outras organizacións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO quere manifestar nun primeiro termo que se deixe constancia antes do debate do asunto, o seu interese de cambio de ubicación no pleno, así como que o alcalde dixera que a sesión do pleno ía ser só sobre este asunto e de xeito unilateral na anterior sesión plenaria do 30 de xuño, deixou enriba da mesa os puntos 6 e 7, non estando tampouco de acordo respecto á hora fixada de mañá, xa que non é a máis axeitada para a publicidade coa cidadanía. Respecto ao asunto, di que a actual situación económica está elevando unha situación de crise, di que no seu día o grupo do BNG condicionou esta proposta e que non se cumpriu, pediron que se xustificara o protocolo, procedemento, facturas,... Non está de acordo e cuestiona a proposta porque o concello delega unha subvención nunha asociación de carácter privado e debería ser o propio concello, de carácter público quen o xestionase.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a proposta é fruto dunha improvisación do goberno



## CONCELLO DE REDONDELA

municipal. Di que o seu grupo solicitou, nunha moción, no seu día información respecto aos criterios sociais para a súa coordinación pero que non obtiveron resposta. Van apoiar a proposta.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o pasado ano, o 3 de xullo tróuxose esta subvención ao pleno, e xa no seu día a concelleira de servizos sociais dixo que ían a poñer remedios e solucións e un ano despois están con o mesmo tema porque o Partido Popular o deixa ata o último momento. Di que o PSdeG-PSOE reivindica desde sempre estas medidas. Manifesta que é unha improvisación do grupo de goberno, fala de falta de ganas e intención do PP. Di que a concelleira de servizos sociais indica que a administración local non se pode facer cargo destas axudas pero a realidade é que non queren e responsabilizan a Cáritas co tema cando se tiña que facer cargo o concello.

A concelleira AMOEDO DASILVA responde ao voceiro do BNG que este pleno estaba pensado e comunicado con anterioridade a deixar sobre a mesa os dous puntos do anterior pleno, sendo un asunto prioritario. Di que se cumpre coa publicidade e que non hai opacidade nin oscuridade, porque os plenos publícanse en Redondela TV. Á Sra. Rivas responde que Cáritas colabora co concello, que o 2 de xuño do presente ano iníciáanse coa concelleira en funcións os trámites e non hai improvisación e que mantívose xuntanza con Cáritas nada máis tomar posesión, solicitando se era necesario contar coa mesma proposta con aumento da contía. Pregunta á Sra Rivas cantos comedores escolares de verán fixeron eles nos anos 2007 a 2009 e que as chamadas ás familias dende o concello se fan de xeito oficial unha vez coñecidas as situacións sociais e, o que fai o PSdeG-PSOE é demagogia. Di que o 19 xuño do presente ano chegou un convenio da FEGAMP co banco de alimentos para o establecemento e coordinación na entrega de alimentos que, entre outros, o fai Cáritas, e que o 2 de xuño xa se iniciou o expediente. Remata dicindo que a tramitación se fai con rigor e confidencialidade.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que nos veráns de 2007 a 2009 non había comedores escolares porque a crise non era como á de agora, pero se estaban dando resposta ás familias que o demandaban. Di que a administración ten os datos e se pasa a xestión a Cáritas, di que o concello pode asumir esa xestión e non cedela por iso non van apoiar esta proposta porque o concello debe dar resposta ás necesidades dos veciños/as de Redondela.

O concelleiro CRESPO ABAL reitera que non teñen os datos que solicitaran no seu día, están de acordo que debe levalo o concello, pero non ten persoal suficiente xa que non se pode contratar, di que de momento é a solución que atopan e van apoiar a proposta.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o grupo PSdeG-PSOE quere solucionar os problemas dos cidadáns de Redondela. Di que os servizos sociais do concello teñen un mal funcionamento xa que reciben queixas dos veciños, así como do Valedor do pobo, incumprindo os prazos da RISGA e, do Ministerio de Administracións Públicas, que é o concello que menos destina a recursos sociais. Remata dicindo que deben cumprir cos dereitos dos cidadáns.

1. A concelleira AMOEDO DASILVA di que non había comedores escolares, nin convenio con Cáritas nos anos 2007 a 2009. Di á Sra. Rivas que lles van solicitar que traballen xuntos e que aporten solucións e espera ver cantas aportan. Respecto ao voceiro do BNG lle responde que teñen unha memoria escrita de cómo funcionou o comedor escolar o ano pasado. Di que Cáritas está facendo unha laboura excepcional co concello e que non hai nada dubidoso nin sen rigurosidade. Remata engadindo que o convenio garante o comedor ata o 31 agosto e que o concello ata o 15 setembro, ata o comezo do colexio.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría do concello Pleno, 19 a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 de Redondela PODE (PODER). e 1 en contra do BNG.



## CONCELLO DE REDONDELA

A Sra. Rivas solicita a palabra ao Alcalde para explicar o voto do seu grupo, xustificándoo na responsabilidade do partido coas familias con necesidade.

### **3.- PROPOSTA SOBRE RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS.**

#### ANTECEDENTES

Proposta da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015, que transcrita di:

Visto o disposto nos artigos 75 e 75 bis. 1 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes acordos en relación ao asunto de referencia:

1. Establecer que o Alcalde-Presidente exerza o seu cargo en réxime de adicación exclusiva, cun mínimo de 1.826 horas ao ano, percibindo unha retribución bruta de 45.000 € (en 12 mensualidades), con efectos do día 14.06.2015.

2. Establecer que catro concelleiros ou concelleiras designados polo Alcalde e sempre que ostenten responsabilidades de goberno, exerzan o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 1.370 horas anuais percibindo unha retribución bruta de 23.000 euros (en 12 mensualidades) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

3. Establecer que outros catro concelleiros ou concelleiras designados polo Alcalde e sempre que ostenten responsabilidades de goberno, exerzan o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 1.096 horas anuais percibindo unha retribución bruta de 18.000 euros (en 12 mensualidades) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

4. Establecer que os catro voceiros dos grupos políticos do PS de G-PSOE, AER, BNG e PODE R exerzan o seu cargo cunha adicación parcial (mínima de 16 horas ao mes) percibindo unha retribución bruta de 8.100 euros (en 12 mensualidades) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

5. Establecer que o resto dos concelleiros e concelleiras poidan exercer o seu cargo en réxime de adicación parcial cunha adicación mínima de 12 horas/mes pola que percibirán unha retribución bruta de 5.184 euros en 12 mensualidades con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

6. Establecer as seguintes compensacións para os concelleiros/as que non teñan adicación parcial: por cada asistencia a reunións de órganos colexiados (comisións informativas, pleno, mesas de contratación...etc): 108 € por sesión cun máximo de 4 ao mes (432 €) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

7. Establecer que para o funcionamento dos Grupos Políticos, a axuda económica será de 2.700 € brutos anuais por cada grupo, mais 300 € brutos anuais por cada concelleiro que teña o grupo político. O pagamento desta cantidade efectuarase por trimestres vencidos.



## CONCELLO DE REDONDELA

8. Determinar que as asignacións a grupos políticos xustificaranse mediante declaración asinada polo voceiro de cada grupo, na que se indique que a totalidade da asignación do Concello de Redondela ao grupo, destinouse integramente ás finalidades legalmente previstas, salvo que polas bases de execución do orzamento se estableza outro tipo de xustificación.

9. Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase a habilitación da correspondente partida orzamentaria.

10. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Redondela o presente acordo ao abeiro do previsto no artigo 75 bis 5. da LBRL. Igualmente deberá publicarse a resolución da Alcaldía determinando os membros da corporación que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

11. Determinar que tódolos membros da Corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, sempre que sexan debidamente autorizados e xustificados nos términos e contías que fixa o RD 462/02 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo e de acordo coas bases de execución do orzamento.

### INTERVENCIONS.-

O alcalde antes do debate do asunto, indica que o punto primeiro recolle a proposta que plantexara no anterior pleno o grupo BNG e o resto do de AER.

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que cada grupo argumenta as súas propostas, non parece ético que se acepten partidas de uns e outros. Deben velar polos intereses dos cidadáns. As aportacións a partidos que se propoñen son para deixalos sen marxe de manobra e que quere que se faga na mesma porcentaxe na súa retribución salarial. Remata dicindo que se reafirma no seu código deontolóxico.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que tratar este asunto foi irregular e de xeito unilateral polo alcalde ao deixalo enriba da mesa no anterior pleno. Di que hai trato diferenciador, porque o alcalde cobra dende o día seguinte da toma de posesión e o resto dende a adopción do acordo. Di que a proposta que se trae asfixia ás forzas pequenas porque redúcense as asignacións que lle competen e o que se está fomentando é o bipartidismo. Non van apoiar a proposta.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que están parcialmente de acordo con esta proposta. Buscan coa súa proposta reducir os gastos da corporación, non están de acordo co soldo do alcalde xa que AER fixo a súa proposta no conxunto das retribucións, intentando ser xustos cos grupos minoritarios. Todos os partidos fináncianse sen dar conta da súa xestión como o fixo AER.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di respecto á hora de fixación do pleno que este asunto é un dos importantes da xestión e se convocou a unha hora que non se pode asistir e que non se convocou á xunta de voceiros, que o alcalde o convocou de xeito unilateral. Di que agora o alcalde trae unha proposta nova que significa o fracaso na xestión dos catro últimos anos. Di que é o momento de que se baixe o soldo, polas dificultades dos veciños e o emprego



## CONCELLO DE REDONDELA

precario. Di ao alcalde que debería facer un xesto e rebaixarse os soldos e achegarse aos soldos de municipios como Madrid, Barcelona ou Ferrol. Di que a proposta do PSdeG-PSOE reduce o cómputo global e cren que é a que deberían debatir antes da celebración do pleno.

A concelleira AMOEDO DASILVA responde á voceira de PODER que teñen un criterio e que o soldo está dentro onde a lei o marca. Di que o soldo está xustificado, lle pregunta porqué aumentan en 3 o salario mínimo e non noutra cantidade. Ao voceiro do BNG lle pregunta que é o que queren negociar porque no seu día cando gobernaban xa os tiñan acordados. Pide coherencia, pon como exemplo o soldo fixado polo alcalde do BNG de Vimianzo, de 7000 habitantes, en 44.700 euros. Di que fai catro anos aprobaron en 55.000 euros o soldo do alcalde e reitera coherencia. Respecto ás asignacións aos grupos políticos di que é proporcional á representación. Ao Sr. Reguera lle responde que fala de debatir pero non queren reunirse. Di que no seu día gañou máis como concelleiro que na súa vida privada e lle solicita que devolva o que cobrou de máis seguindo a proposta que fixo respecto o que deben cobrar os concelleiros.

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que o soldo que propoñen é o xusto. Reclama que o partido do PP de Madrid debe incrementar o salario dos traballadores, así teríase por coherencia unha maior contía para o alcalde. Di que coa súa proposta o gasto sería de 118.285 euros.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que no seu día a secretaria do alcalde tivo un papel máis importante que o resto dos concelleiros. Queren acercar os soldos que gañen os concelleiros cos contratos de 500 euros que realizan. Reitera respecto aos grupos minoritarios que hai un desequilibrio evidente.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que a proposta das asignacións políticas aos partidos está baseada na de AER e que eles devolveron a súa. Responde ao voceiro do BNG que debe gastar menos. Di á Sra. Rivas que convocou o día anterior aos grupos da oposición con presas para tratar as propostas cando AER xa o solicitara antes.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que AER fixolles unha proposta, e non aceptaron a proposta de reunión porque era só coa oposición e eles queren con todos sen exclusión. Di que o PP está en minoría, e deben ter claro que deben pactar, hai que falar con todos os voceiros. Incide que a proposta asfixia aos grupos minoritarios.

A concelleira AMOEDO DASILVA responde á voceira de PODER que eles teñen o seu criterio e que o PP o seu. Non hai unha proposta de consenso. Ao voceiro do BNG respecto ao fomento do bipartidismo, di que o PP puxo as bases para que os grupos minoritarios tiveran espazos no concello para atender aos cidadáns. Responde ao Sr. Reguera que mostra a súa incoherencia, porque propón 16.000 euros para os concelleiros cando él cobraba máis, reitéralle que devolva os 200.000 euros que cobrou de máis, para manter a súa coherencia. Remata dicindo que a cuestión é cómo se xestiona e non cómo se cobra.

O alcalde chama á orde á concelleira Amoedo Dasilva e indica que se pasará a votar por puntos a proposta.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

1) Sometido o asunto a votación, nunha primeira votación hai empate: en contra 8 (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de PODER), a favor 8 do PP e 4 abstencións de AER; apróbase nunha segunda votación por voto de calidade do alcalde, en contra 8 (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de Redondea PODE (PODER). a favor 8 do PP e 4 abstencións de AER.

2) Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 12 votos a favor (8 do PP e 4 de AER) e 8 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de Redondea PODE (PODER).



## CONCELLO DE REDONDELA

- 3) Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 12 votos a favor (8 do PP e 4 de AER) e 8 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 4) Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 20 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 5) Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 20 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 6) Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 20 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 7) Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 12 votos a favor (8 do PP e 4 de AER) e 8 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 8) Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 15 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE e 1 de Redondela PODE (PODER)), 4 de AER en contra e 1 abstención do BNG.
- 9) Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 20 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 10) Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 20 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).
- 11) Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 20 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER)).

## **4.- PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE PERSOAL EVENTUAL.**

### ANTECEDENTES

Proposta da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015, que transcrita di:

Visto o disposto nos artigos 104 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 29 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia (LEG) teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo en relación ao asunto de referencia:

1. Crear dous postos de natureza eventual coas seguintes características:

➤ **Coordinador/a xeral de concelleiros/as**

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 25.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaranse na mesma porcentaxe que no seu caso sinala a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos.

➤ **Coordinador/a actuacións de transparencia**

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 21.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaranse na mesma porcentaxe que no seu caso sinala a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos.



## CONCELLO DE REDONDEIRA

2. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal vixente (aprobado xunto co orzamento para o exercicio de 2014 e actualmente prorrogado) aos efectos de axustalo ao presente acordo e incorporar o posto de persoal eventual de Coordinador/a actuacións de Transparencia sometendo a información pública este acordo concreto polo prazo de 15 días facendo constar que, de non presentarse alegacións entenderase aprobada definitivamente a modificación de conformidade co procedemento establecido polo artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

3. Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase á existencia de consignación orzamentaria suficiente.

### INTERVENCIÓNS.-

A concelleira AMOEDO DASILVA na exposición respecto ao sistema de contratación do persoal eventual coordinador/a actuacións de transparencia di que:

- Será seleccionado da bolsa de emprego municipal
- En colaboración coas ADLs:
  - o Definirase o perfil de acordo coas necesidades do posto.
  - o Establecerase o baremo de puntuación
  - o Serán seleccionados 5 candidatos co fin de ter unha lista confeccionada en caso de baixas ou renuncias
  - o Os candidatos terán unha entrevista final na que poderán participar os distintos grupos políticos
- Tanto o perfil como as bases para a contratación da persoa de confianza que levará os temas de transparencia serán comunicadas aos grupos para que fagan as súas aportacións.

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que van votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é a mesma proposta ou similar á do anterior mandato e que xa non estaban de acordo co posto de coordinador xeral de concelleiros/as porque era un concelleiro máis. As funcións de xestións cos cidadáns, a axenda do alcalde, nos últimos meses as asumen persoal contratado polo concello. Respecto ao coordinador/a actuacións de transparencia, tampouco está de acordo. Di que a función do grupo do BNG é cuestionar ao grupo de goberno e valorar o que fai, buscar posicionamentos políticos. Remata dicindo que por principio ideolóxico defenden que o persoal perciba 14 mensualidades e non 12 como se recolle na proposta.

O concelleiro CRESPO ABAL di que coinciden coa análise do BNG respecto ao posto de coordinador/a xeral de concelleiros/as. Vanse abster. Advirte que se o posto non cumpre coas funcións, solicitarán que ese posto desapareza. Respecto ao coordinador/a actuacións de transparencia, van votar a favor, xa que a súa finalidade é para beneficio dos veciños e non dos políticos que é o que veñen reclamando dende o principio.





## CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que está de acordo coa existencia dunha secretaria e non dun coordinador/a de concelleiros/as. Lembra que, no seu día o concelleiro Orge Míguez xa dicía que ía funcionar como un concelleiro non electo, como así sucedeu que estivo facendo funcións de concelleira, cando xa se advertira ao inicio do mandato anterior. Di que había dos funcionarios adicados ao alcalde e que poderían facer esa función de coordinador/a de transparencia con coordinación dun concelleiro.

A concelleira AMOEDO DASILVA responde ao Sr. Reguera e ao voceiro do BNG que cando gobernaban tiñan o tres persoas de confianza, na alcaldía e gabinete de prensa o PSdeG-PSOE e un secretario o BNG. Respecto ao posto de coordinador/a actuacións de transparencia, insiste na coherencia. Di que a 31 de decembro de 2015 é obrigatorio un portal de transparencia e que non se pode contratar persoal.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO responde á voceira do PP que él non tivo secretario. Mantense en contra do coordinador/a de concelleiros/as. Respecto ao coordinador/a actuacións de transparencia se defende porque hai carga sobre os traballadores e que non se pode contratar, pero o problema é do PP que legisla, prexudicando aos concellos que son os que menos débedas teñen. Fálase dunha participación dos grupos políticos na selección da persoa cando non poden participar nestas cuestións. Remata dicindo que dende o departamento de participación cidadá sería unha área que se podería potenciar así como os consellos parroquiais. Di que non van apoiar a proposta.

O concelleiro CRESPO ABAL di que se manteñen na súa intervención. Como se dixo non había persoal para facer a función de transparencia, e ao non poder contratar, defenden o posto de coordinador/a actuacións de transparencia.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están a favor do persoal de confianza, van a votar en contra xa que non confían, tal cual están redactados. Defende o pacto e o debate.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o PSdeG-PSOE é incoherente. Poñen exemplos de persoal de confianza de Vigo e soldos, como o director de gabinete de alcaldía, director de comunicación da alcaldía,... Respecto ao posto de secretario responde ao voceiro do BNG que era do anterior concelleiro o Sr. Pazos.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría do concello Pleno, 8 votos a favor do PP, 7 en contra (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG) e 5 abstencións (4 de AER e 1 de Redondela PODE (PODER)).

E non habendo mais asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do indicado no encabezamento, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-